



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA UN DE ABRIL DE 2019, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO-URXENTE

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Escusan asistencia	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e vinte minutos do día un de abril de dous mil dezanove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA-URXENTE o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

PUNTO ÚNICO- Acordo, se procede, sobre modificación da solicitude de participación no POS +2019 (Plan único de concellos) da Deputación Provincial.

Posta a votación a declaración de urxencia apróbase coa abstención de don Roberto Castro Rocamonde.

Deseguido dáse conta da seguinte proposta:

O Pleno do concello, en sesión ordinaria celebrada o día 17 de decembro de 2018, acordou participar no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”, da Deputación Provincial da Coruña.

Con posterioridade a Deputación comunica a fiscalización desfavorable da convocatoria POS + amortización destinada a amortizar débeda con entidades financeiras, dado que o préstamo é de decembro de 2018 e foi solicitado ao Banco Sabadell para financiar obras que non están adxudicadas.

Por tal motivo propónse modificar a solicitude inicial de participación deste concello no Plan POS +2019, de maneira que queda do seguinte xeito:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	0,00	0,00
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	0,00	0,00
Subtotal pago a provedores	0,00	0,00	0,00

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	217.208,82
Subtotal gasto corrente	217.208,82

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2019	0,00	0,00	0,00

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Saneamento en Romarís	142.694,17	42.305,83	185.000,00
Subtotal investimentos achega provincial 2018	142.694,17	42.305,83	185.000,00

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Colectores xerais e EDAR de Vedra	149.177,38	350.308,27	499.485,65
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	149.177,38	350.308,27	499.485,65



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2019” aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0,00

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018	0,00		0,00
	Achega 2019	0,00		0,00
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	217.208,82		217.208,82
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019	0,00	0,00	0,00
	Achega 2018	142.694,17	42.305,83	185.000,00
	Préstamo 2019	149.177,38	350.308,27	499.485,65
D- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	0,00		0,00
TOTAL	Achega 2019	217.208,82	0,00	217.208,82
	Achega 2018	142.694,17	42.305,83	185.000,00
	Préstamo 2019	149.177,38	350.308,27	499.485,65
	TOTAL	509.080,37	392.614,10	901.694,47

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Acondicionamento de espazo verde público en Fontao	117.232,16
Ampliación da rede de abastecemento en Sete e Argunte	182.000,00
TOTAIS	299.232,16

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbese.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

O Pleno con oito votos a favor do PP e PSdG-PSOE, e dúas abstencións do BNG e do concelleiro non adscrito, don Roberto Castro, acorda aprobar a citada proposta

Conclúe ao fío das vinte horas e vinte e cinco minutos.